

14 Septiembre de 2015 - Revista 1038

# *Revista Semanal*

da Rede Galega de Información Xuvenil



**xuventude.net**

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 5

PREMIOS E CONCURSOS / 7

NOVAS DE EMPREGO / 7

EN PORTADA

## Máis de 20 mozos e mozas participan no programa de voluntariado ambiental en zonas naturais da Peroxa

Mercores, 09 Setembro 2015 07:44



Un grupo de seis voluntarios están a participar na última quenda do **programa de voluntariado ambiental da Peroxa**, no que tomaron parte, ao longo do verán, un total de 23 mozos e mozas maiores de 16 anos de Galicia, Madrid e Barcelona, no desenvolvemento de diferentes traballos en zonas naturais.

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou o albergue da Peroxa e indicou que *“esta actividade permite canalizar, a través do voluntariado, a participación activa da sociedade no coidado e na conservación de diferentes espazos, ao tempo que permite aos voluntarios gozar da zona, así como axudar nas tarefas de recuperación dos ecosistemas”*.

En concreto, están a desenvolver traballos de conservación, limpeza e restauración de diferentes roteiros, áreas recreativas e espazos naturais; descubrir e acondicionar zonas naturais, montes e miradoiros; visitas guiadas a centros como o *pazo de Montefiz* ou a *Fazenda Prádio*, así como a paraxes naturais como a *Ribeira Sacra*; actuación ante lumes; eliminación de vertedoiros incontrolados; vixilancia estática desde a caseta de *Ferradal*; e vixilancia disuasoria de incendios forestais por diferentes roteiros.

Os voluntarios e voluntarias teñen cuberta a manutención, o aloxamento, o material necesario para a actividade e contan cun seguro de accidentes e de responsabilidade civil e, ademais, ao finalizar a actividade obterán un certificado acreditativo da acción que realicen, que será inscrita como experiencia no **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia**.

Máis de 300 persoas están a participar entre xuño e setembro de este ano en preto de 1.300 xornadas de acción voluntaria, das que preto dun cento levan a cabo o programa de voluntariado ambiental no *Parque Natural do Invernadoiro*, no macizo central e bidueiral de *Montederramo*, no *Val do Ulla*, en *Curtis* e na *Peroxa*. Son un total de 480 xornadas de acción voluntaria.

## Unha vintena de voluntarios de Vedra e Boqueixón desenvolven accións ambientais e de atención aos peregrinos

Venres, 11 Setembro 2015 08:04



Un total de 20 mozos e mozas de entre 16 e e 30 anos están a participar ao longo do verán no **programa de voluntariado de Vedra e Boqueixón (A Coruña)**, organizado pola *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*.

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe aos voluntarios e indicou que están a desenvolver tres actividades fundamentais: atención a peregrinos do Camiño de Santiago, accións ambientais para propiciar un desenvolvemento local sustentable; e accións de animación sociocomunitaria.

Cecilia Vázquez explicou que *“crear un proxecto que fomente a participación en accións consistentes na realización de traballos de identificación, limpeza e recuperación de espazos permite mellorar a calidade de vida dos veciños e, ademais, tamén beneficia aos voluntarios que ven melloradas as súas capacidades e coñecementos”*.

A atención aos peregrinos nestes concellos é fundamental, tendo en conta que en Vedra sitúase o último *albergue da Vía da Prata* antes de chegar a Santiago, o de *San Pedro de Vilanova*, que recibe arredor de 3.000 persoas ao ano; mentres que *Boqueixón* conta co *Pico Sacro*, de grande interese turístico. O labor dos participantes céntrase en favorecer a acollida dos peregrinos, asesoramento en dúbidas que poidan xurdilles no camiño, darlles información sobre a ruta, desenvolver accións especiais de animación ou dar a coñecer o Pico Sacro como monte sagrado.

En canto ás accións ambientais, o programa inclúe o desenvolvemento dunha auditoría na que se identifiquen os vertedoiros e zonas cun alto nivel de contaminación, analizar as augas, e xerar unha conciencia social para a defensa e mellora do medioambiente.

Por último, os participantes coñecerán o desenvolvemento comunitario mediante animación sociocultural. Recibirán formación no eido de ocio e tempo libre e participarán en actividades culturais, deportivas, educativas e lúdicas con nenos e nenas de entre 4 e 16 anos.

Os voluntarios e voluntarias teñen cuberta a manutención, o aloxamento, o material necesario para a actividade e contan cun seguro de accidentes e de responsabilidade civil e, ademais, ao finalizar a actividade obterán un certificado acreditativo da acción que realicen, que será inscrita como experiencia no *Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia*.

## A Oficina Municipal de Información Xuvenil de Ribadavia ten un proxecto en Dinamarca no marco do @Erasmus + e busca 3 participantes para a visita de estudo 'A tua Europa', outubro 24-30 de 2015 en Aalborg, Dinamarca

Venres, 11 Setembro 2015 09:11

• Países participantes : Croacia, Dinamarca, Grecia, Hungría, Lituania, Italia, Romanía, España e Turquía.

O proxecto "A túa Europa" é unha visita de estudo de 5 traballos en Aalborg, Dinamarca, que reúne 27 líderes de xuventude de Croacia, Dinamarca, Grecia, Hungría, Italia, Lituania, Romanía, España e Turquía. A visita de estudo terá lugar do 24 ao 30 de outubro, 2015, o 24 será a chegada e o día 30 a saída. Os obxectivos do proxecto son reforzar a mobilidade da cidadanía europeo dentro da EU.

Para participar, os candidatos deberían ter máis de 18 anos de idade e reunir os seguintes requisitos: Ser un líder de xuventude, un líder de asociacións ou grupos ou estar activamente implicado na sociedade civil; Ter unha boa conducta en inglés; Ser capaz de asistir á formación enteira; Estar cometido para multiplicar os resultados da formación nas comunidades locais.

**Aplicación e procedemento de selección:** @s participantes designados completarán un formulario de solicitude no enlace seguinte:

<http://intercollege.info/participants/open-calls/application-your-europe-study-visit>

E os interesad@s deberán enviar o seu nome, apelidos, data de nacemento, lugar de nacemento e número de teléfono, antes do 15 de setembro ao seguinte mail:

[omix.ribadavia@gmail.com](mailto:omix.ribadavia@gmail.com)

A Participación na formación é gratis.

**Prazos:** Non máis tarde do 20 de setembro. A confirmación da selección de participante será anunciada polo organizador o 22 de setembro. 5 días despois da selección resultados, os participantes deben demostrar que compraron os seus billetes cunha copia da factura e unha copia do e-ticket.

## Máis de 400 mozos e mozas galegos realizan estadias en empresas que lles axudarán a decidir o seu futuro perfil profesional

Venres, 11 Setembro 2015 15:41

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou hoxe aos participantes deste programa en dúas empresas de Curtis (A Coruña)
- O departamento autonómico está a facer fincapé na experiencias de educación non formal como demostra o aumento dun 25% no seu orzamento, que en 2015 alcanzará os 2,5 millóns de euros e superará os 4.000 beneficiarios
- Ademais, publicouse un Decreto que regula a expedición de certificacións oficiais das experiencias, competencias e habilidades adquiridas a través destas actuacións

Máis de 400 mozos e mozas de entre 14 e 18 anos están a realizar estadias en empresas no marco do programa 'Deseñando o teu futuro', que lles aproxima á realidade laboral en diferentes profesións e especialidades para axudarlles a descubrir a súa vocación profesional. Trátase dunha iniciativa posta en marcha de forma piloto o pasado ano e que en 2015 se consolida cun orzamento de 65.000 euros.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou hoxe aos participantes deste programa en dúas empresas de Curtis (A Coruña): Seat Automoción Teixeira e Madeiras Industrias Losan. Nesta localidade tamén colaboran con este programa as empresas Palets Cervelo, Sergrauto servizo oficial Opel, Carpintería Cándido, e Dual ST, que forman parte das 150 participantes de todo o programa en Galicia.

Mato explicou que, "a través das estancias titorizadas en empresas que propón 'Deseñando o teu futuro', os mozos e mozas achéganse ao día a día dun traballo, aos profesionais que o realizan, e ás esixencias e oportunidades que ofrece cada emprego". As estancias que forman parte deste proxecto pioneiro en España contan cunha duración mínima de cinco días e máxima de quince.

A responsable de Benestar apuntou que "se trata dunha experiencia de educación non formal que permite o desenvolvemento e crecemento persoal dos mozos; fomenta a súa iniciativa, a toma de decisións e a responsabilidade que supón calquera posto de traballo; e, ao mesmo tempo, mellora o currículo e contribúe á aumentar a súa empregabilidade".

O departamento autonómico está a facer fincapé na experiencias de educación non formal e en todos aqueles programas que melloren a empregabilidade dos mozos, tal e como demostra o aumento dun 25% no orzamento destinado a este fin, que en 2015 alcanzarán os 2,5 millóns de euros e superarán os 4.000 beneficiarios, un 53% mais que en 2014.

Ademais, publicouse un Decreto que regula a expedición de certificacións oficiais das experiencias, competencias e habilidades adquiridas en todos estes programas de educación non formal, de forma análoga ao que se vén facendo en materia de voluntariado. Isto ten convertido á Xunta na primeira administración de todo o Estado que valida de forma oficial a participación nestes programas.

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

## Convocadas 175 prazas de Persoal Técnico en Institutos do CSIC (Garantía Xuvenil)

Mercres, 09 Setembro 2015 09:07

O Ministerio de Economía e Competitividade, convoca estas prazas, dirixidas a rapaces/as apuntados en **Garantía Xuvenil**, para prácticas en institutos, centros e unidades do **Centro Superior de Investigación Científicas**, cunha duración de dous anos remunerados.

A titulación requirida é *Formación Profesional de Técnico Superior ou Técnico Especialista equivalent*.

A dotación económica é 13.598 euros e 16.998 euros o segundo ano.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **21 de setembro e 2015**. **Máis información** [www.060.es](http://www.060.es)

[http://administracion.gob.es/pag\\_Home/empleoBecas/empleo/buscador.html#.Ve\\_iFtLtmko](http://administracion.gob.es/pag_Home/empleoBecas/empleo/buscador.html#.Ve_iFtLtmko)

## Convocadas 300 prazas de Técnico Superior de Actividades Técnicas en Institutos do CSIC (Garantía Xuvenil)

Mercres, 09 Setembro 2015 09:08



O Ministerio de Economía e Competitividade, convoca estas prazas, dirixidas a rapaces/as apuntados en **Garantía Xuvenil**, para prácticas en institutos, centros e unidades do **Centro Superior de Investigación Científicas**, cunha duración de dous anos remunerados (20.996 euros e 26.245 euros o segundo ano).

Dirixida a *Licenciados, enxeñeiros, arquitectos* ou equivalente o título de grao.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **21 de setembro e 2015**.

**Máis información** [www.060.es](http://www.060.es)

[http://administracion.gob.es/pag\\_Home/empleoBecas/empleo/buscador.html#.Ve\\_iFtLtmko](http://administracion.gob.es/pag_Home/empleoBecas/empleo/buscador.html#.Ve_iFtLtmko)

## Fórum de emprendemento transfronteirizo para a mocidade

Venres, 11 Setembro 2015 06:48

**IPDJ (Instituto Português do Desporto e da Juventude)** no marco do **proxecto Emprede** convoca o *Fórum mozo de emprendemento transfronteirizo*, aprobado ao abeiro do **Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 (POCTEP)**. O **proxecto Emprede** ten por obxectivo a creación de empresas e o fomento do emprego, especialmente para a xuventude, a través de actividades estratéxicas que dinamicen os servizos da **Eurorexión** e a convertan nun lugar atractivo para a actividade económica e os investimentos.

Colaboran neste proxecto a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, o *Instituto Português do Desporto e da Juventude*, a *Confederación Empresarios de Galicia*, a *Federación Nacional de Asociaciones Juveniles de Portugal* e a *Fundación Galicia Europa*.

No marco desta colaboración resérvanse 8 prazas para a mocidade galega interesada en participar.

### Obxectivos do Fórum:

- Reunir a mocidade, asociacións xuvenís, mozos empresarios e empresas, para en conxunto reflexionar sobre as novas actitudes e comportamentos nunha lóxica emprendedora en resposta aos novos desafíos dunha sociedade competitiva e global.
- Dotar a mocidade de coñecementos e ferramentas para a creación do propio negocio.
- Identificar oportunidades de negocios na zona transfronteiriza de Tras-os-Montes e Galiza.
- Promover e divulgar proxectos innovadores da mocidade emprendedora da rexión.
- Fomentar o contacto entre as persoas novas e empresarios de diversos ramos de actividade.
- Contactar coa realidade empresarial da zona transfronteiriza de Tras-os-Montes e Galiza.
- Estreitar lazos tranfronteirizos.

**Destinatarios:** Mocidade galega con idade igual ou inferior a 35 anos.

**Datas e lugar do fórum:** 22 e 23 de setembro de 2015

- Local *NERBA-Associação Empresarial - Bragança*

A organización cubre o aloxamento e manutención das persoas participantes. O desprazamento desde Galicia será por conta de cada unha das persoas interesadas.

**Prazo de inscrición:** Ata o día 17 de setembro.

Os/as participantes serán seleccionados/as por orden de inscrición e recibirán un correo de confirmación no suposto de ser seleccionado/a para participar.

**Para mais información:** [galeuropa@xunta.es](mailto:galeuropa@xunta.es)

**Teléfono** 981 545 937

NOVAS FORMACION OUTROS CURSOS

## II Curso de verán "Oriéntate e Planifica o teu futuro"

**Mercores, 09 Setembro 2015 13:24**



O **Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE)** do *campus de Ferrol* organiza o **II Curso de verán "Oriéntate e Planifica o teu futuro"** que terá lugar os días **23, 24 e 25 de setembro de 2015**.

### DATOS XERAIS

**Área de coñecemento:** Orientación laboral, emprendemento e empregabilidade.

**Destinatarios/as:** Estudantes universitarios e a un público amplo interesado.

**Modalidade:** Presencial.

**Duración:** 20 horas.

**Horarios:** Mañá 9:00 h a 14:30 h / Tarde 16:30 h a 19:30 h.

**Lugar de impartición:** Campus de Ferrol- Facultade de Humanidades e Documentación (Aula Magna).

**Prazo de matrícula:** ata o 22 de setembro de 2015.

Bolsas de asistencia gratuita, aloxamento e descontos en transporte público. Recoñecemento académico.

**Máis información** no seguinte enderezo web e [curso.oteufuturo@gmail.com](mailto:curso.oteufuturo@gmail.com)

**Inscrición.** Telf.: 981 337 400 Ext: 3616

NOVAS FORMACION CURSOS DE TEMPO LIBRE

## Curso de Monitor de Tempo Libre en Pontevedra

**Martes, 08 Setembro 2015 11:55**



A **Escola de Tempo Libre AIKA** convoca un **curso de Monitor de Actividades de Tempo Libre** que se impartirá en Pontevedra durante os meses de setembro, outubro e novembro.

O curso consta de dúas fases, unha teórico-práctica cunha duración de 200 horas lectivas, e outra práctica de 150 horas.

Os **requisitos** para acceder á formación, e establecidos pola *Xunta de Galicia no Decreto 50/2000* son ser maior de 18 anos e estar en posesión do graduado escolar (ESO) ou ser técnico/a auxiliar en FP.

**Datas de impartición:** do 21 de setembro ao 17 de novembro

**Horario do curso:** de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas.

**Máis información:**

**Escola de Tempo Libre AIKA**  
**Correo electrónico:** [etlpontevedra@aikaformacion.com](mailto:etlpontevedra@aikaformacion.com)  
**Tel.:** 986848486

## Curso de Monitor de Tempo Libre en Vigo

**Mercores, 09 Setembro 2015 08:30**

A **Escola de Tempo Libre AIKA** convoca un **curso de Monitor de Actividades de Tempo Libre** que se impartirá en Vigo durante os meses de **setembro, outubro e novembro**.



O curso consta de dúas fases, unha teórico-práctica cunha duración de 200 horas lectivas, e outra práctica de 150 horas.

Os **requisitos** para acceder á formación, establecidos pola *Xunta de Galicia no Decreto 50/2000*, son ser maior de 18 anos e estar en posesión do graduado escolar (ESO) ou ser técnico/a auxiliar en FP.

**Datas de impartición:** do 28 de setembro ao 24 de novembro.

**Horario do curso:** de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas.

**Máis información:**

**Escola de Tempo Libre AIKA**  
**Correo electrónico:** [etlpontevedra@aikaformacion.com](mailto:etlpontevedra@aikaformacion.com)  
**Tel.:** 986848486

## Curso de Monitor de Tempo Libre en Ourense

**Mercores, 09 Setembro 2015 12:50**



A **Escola de Tempo Libre XIRXILAR** convoca un **curso de Monitor de actividades de tempo libre** en edición semanal. O curso terá lugar en Ourense nas seguintes datas:

Do **5 de outubro** o **19 de novembro de 2015**.

**Horario:** Luns a venres de 8:00 a 14:30

Os **requisitos** para acceder a esta formación son ser maior de 18 anos e estar en posesión do graduado escolar (ESO) ou ser técnico/a auxiliar en FP.

**Máis información:**

**ETL Xirxilar**  
**Teléfonos:** 988 223 377 - 638 581 726  
**Correo electrónico:** [xirxilar@xirxilar.com](mailto:xirxilar@xirxilar.com)  
**Páxina web:** [www.xirxilar.com](http://www.xirxilar.com)

## Curso de Monitor de Tempo Libre en Oroso

**Venres, 11 Setembro 2015 11:49**



O **Concello de Oroso** organiza un **curso de Monitor de actividades de tempo libre** que será impartido pola **ETL Escola Galega de Tempo Libre**.

O curso consta dunha fase teórico-práctica de 200 horas lectivas e outra práctica de 14 días de actividade nun campamento ou 150 horas nunha entidade de tempo libre.

**Datas de realización:** Do 5 de outubro o 19 de novembro de 2015.

**CALENDARIO:** (sábados mais 3 días en vacacións de Nadal)

**Outubro:** 3, 10, 17, 24 y 31

**Novembro:** 7, 14, 21 y 28

**Decembro:** 5, 12, 19, 26, 28 y 29

**Xaneiro:** 4, 9, 16, 23 y 30

**HORARIO:** (todos os días)

De 09,00 a 14,00 y de 16,00 a 21,00 horas

**REQUISITOS**

Ter mais de 18 anos e, como mínimo, os estudos de Graduado en E.S.O.

Presenta-la solicitude acompañada de:

Unha fotocopia do D.N.I.

Unha foto tamaño carné.

Fotocopia do Título de Secundaria (mínimo)

Fotocopia resgado bancario da matrícula

**INSCRIPCIONS:**

**CENTRO CULTURAL FERNANDO CASAS E NOVOA**

Rúa da Cultura nº 1 - Sigüeiro - 15888 - Oroso

As prazas son limitadas e otórganse por orde de inscrición (25 como máximo), tendo preferencia os empradoados en Oroso.

**Máis información:**

**ESCOLA GALEGA DE TEMPO LIBRE**  
Tfno.: 607 935924  
[www.escolagalegadetempolibre.es/](http://www.escolagalegadetempolibre.es/)

PREMIOS E CONCURSOS

EXPOSICIÓNS, CERTAMES E CONCERTOS

## XVI Edición Certame Relatos Curtos Os Viadutos

**Mercores, 09 Setembro 2015 11:21**



O **Concello de Redondela** convoca a **XVI Edición do Certame de Relatos Curtos Os Viadutos**.

### PARTICIPANTES E OBRAS

Participará no certame mocidade de entre 17 e 35 anos con obras escritas en lingua galega segundo a normativa oficial.

Os textos deberán ser orixinais, inéditos e non premiados nin recoñecidos ou seleccionados noutros certames.

Cada participante pode presentar un único relato. As obras estarán mecanografadas por unha cara a dobre espazo, tamaño de fonte 12, extensión mínima de dez folios e máxima de quince, debidamente encadernadas. Ademais do orixinal axuntaranse tres copias.

### LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

As obras entregaranse no **Departamento de Xuventude do Concello de Redondela** en horario de atención ao público.

O **prazo** de presentación rematará o **27 de novembro do 2015**.

As obras poderán enviarse por correo certificado ou por calquera dos supostos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de *Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común* (modificado polo artigo 27 do Real Decreto-Ley 8/2011 de 1 de xullo), ao Departamento de Xuventude - Paseo da Xunqueira s/n- 36800 Redondela.

### PREMIOS

Concederanse dous premios: o primeiro dotado con 1.200 euros e o segundo con 600 euros.

O Xurado poderá conceder, en base á calidade das obra, ata dous accésits. Estes carecerán de dotación económica.

### Máis información:

**Oficina de Información Xuvenil (OMIX)**  
**Concello de Redondela**  
**Correo Electrónico:** [omix@redondela.es](mailto:omix@redondela.es)  
**Teléfono:** 986 400 798

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

## Convocadas 76 prazas do Corpo de Subinspectores Laborais

**Martes, 08 Setembro 2015 09:05**

O **Ministerio de Emprego e Seguridade Social**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

**Máis información BOE do 3 de setembro de 2015.** [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 35 prazas do Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social

**Martes, 08 Setembro 2015 09:05**

O **Ministerio de Emprego e Seguridade Social**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

**Máis información BOE do 3 de setembro de 2015.** [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 39 prazas do Corpo de Arquitectos da Facenda Pública

Martes, 08 Setembro 2015 09:06

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca estas prazas, polo sistema de oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 7 de setembro de 2015. [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 14 prazas do Corpo Superior de Xestión Catastral

Martes, 08 Setembro 2015 09:08

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca estas prazas, polo sistema de oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 7 de setembro de 2015. [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 80 prazas do Corpo Técnico de Auditoría e Contabilidade

Martes, 08 Setembro 2015 09:10

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca estas prazas, polo sistema de oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 7 de setembro de 2015. [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 6 prazas do Corpo Técnico de Xestión Catastral

Martes, 08 Setembro 2015 09:15

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca estas prazas, polo sistema de oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 7 de setembro de 2015. [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 7 prazas do Corpo Nacional de Veterinarios

Martes, 08 Setembro 2015 09:16

O **Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente**, convoca estas prazas, polo sistema de oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 7 de setembro de 2015. [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 35 prazas de técnico especialista en radiodiagnóstico nas Illas Baleares

Venres, 11 Setembro 2015 08:56

O **Servizo de Saúde das Illas Baleares**, convocan estas prazas polo sistema de concurso-oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **8 de outubro de 2015**.

Máis información Boletín Oficial das Illas Baleares do 8 de setembro de 2015.

## Convocadas 6 prazas de técnico especialista en radioterapia

Venres, 11 Setembro 2015 08:57

O **Servizo de Saúde das Illas Baleares**, convocan estas prazas polo sistema de concurso-oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **8 de outubro de 2015**.

Máis información Boletín Oficial das Illas Baleares do 8 de setembro de 2015.

## Convocadas 323 prazas do Corpo Técnico de Facenda

Venres, 11 Setembro 2015 08:57

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca estas prazas polo sistema de oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 10 de setembro de 2015. [www.boe.es](http://www.boe.es)



## Convocadas 14 prazas na E.P.E. Sociedade de Salvamento e Segurdade Marítima

Venres, 11 Setembro 2015 08:58

As prazas son de persoal laboral fixo. E entre os requisitos está a posesión do certificado ou título do **Curso de Operador Xeral do GMDSS**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **26 de setembro de 2015**. **Máis información CIA do 6 de setembro de 2015**. [www.060.es](http://www.060.es)

## Convocada bolsa de traballo de peóns parques e xardíns no Barco de Valdeorras (Ourense)

Venres, 11 Setembro 2015 09:26

As bases desta convocatoria están na páxina [www.bopou.es](http://www.bopou.es) do **9 de setembro de 2015**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación no boletín oficial da provincia de ourense.

## Convocada bolsa de traballo de oficial de 1ª no Barco de Valdeorras (Ourense)

Venres, 11 Setembro 2015 09:26

As bases desta convocatoria están na páxina [www.bopou.es](http://www.bopou.es) do **9 de setembro de 2015**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación no boletín oficial da provincia de ourense.

## Convocada bolsa de traballo de técnico/a de orientación laboral en Sada (A Coruña)

Venres, 11 Setembro 2015 09:27

A provisión desta praza será por concurso-oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **5 días** desde a publicación.

**Máis información** [www.bop.dicoruna.es](http://www.bop.dicoruna.es) do **11 de setembro 2015**.

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

## Ofertas Servizo Público de Emprego 11/09/2015

Venres, 11 Setembro 2015 07:30

### Programadores de aplicacións informáticas

- Localidade: A Coruña
- Nº oferta: 12/2015/9734
- Data: 11/09/2015
- Requisitos: titulados/as en informática con coñecementos e/ou experiencia en plataformas de teleformación.

### Auxiliares de enfermería de xeriatria

- Localidade: Bueu (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/9784
- Data: 11/09/2015
- Requisitos: necesítase auxiliar de enfermería de xeriatria cunha discapacidade igual ou superior ao 33% con Ciclo Medio ou certificado de profesionalidade, para centro de día en Bueu (Pontevedra).

### Aplicadores de praguicidas

- Localidade: Ames (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/9879
- Data: 11/09/2015
- Requisitos: necesítanse aplicadores de praguicidas.

### Enxeñeiros/as técnicos/as de deseño

- Localidade: Allaríz (Ourense)
- Nº oferta: 12/2015/9903
- Data: 11/09/2015
- Requisitos: precísase enxeñeiro/a técnico/a ou FPI con coñecemento en xestión dunha planta de fabricación de todo tipo de mobiliario

a medida, componentes e derivados (armarios, portas, escaleiras, etc). Inclúe elaboración de presupostos, cálculo de costes, tempos, elaboración de planos de fabricación e aplicación da mellora continua.

### Fisioterapeutas, en xeral

- Localidade: Pereiro de Aguiar, O (Ourense)
- Nº oferta: 12/2015/10088
- Data: 11/09/2015
- Requisitos: Fisioterapeuta para residencia 3ª idade. Media xornada de 15:30 a 19:30 hrs. de luns a venres. Permiso de conducir.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Xuventude e Voluntariado



**xuventude.net**